



Manual de instalación e utilización

Autofirma - EIDOLocal



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN			
NOME DO DOCUMENTO:	Guía instalación autofirma.psf	VERSIÓN:	1.04
COD. DO DOCUMENTO:	W_EIDOLO_manual_autofirma_1.9		
ELABORADO POR:	Amtega	DATA:	20/04/2017
VALIDADO POR:		DATA:	
APROBADO POR:		DATA:	

REXISTRO DE CAMBIOS		
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación
01,00	Documento inicial	18/05/2017
1.02	Actualización dos ligazóns de descarga dos instalables	17/04/2018
1.03	Actualización da versión do Autofirma a 1.7.x	18/01/2023
1.04	Actualización da versión do Autofirma a 1.9	01/10/2025

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.

Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. REQUISITOS MÍNIMOS.....	5
3. INSTALACIÓN.....	6
3.1. Microsoft Windows.....	6
3.1.1. Comprobación do certificado raíz no Firefox.....	8
3.1.2. Desinstalación Windows.....	12
3.2. Linux.....	15
3.2.1. Desinstalación Linux.....	16
4. Problema coñecidos.....	17
4.1. Ao instalar AutoFirma móstrase o erro de que non se puido abrir un arquivo para escritura.....	17
4.2. Ao instalar AutoFirma falla a instalación dos certificados de confianza SSL.....	17
4.3. Cando se instala Mozilla Firefox ou se crea un novo perfil de usuario sobre unha instalación despois da instalación de AutoFirma, este non funciona.....	17
4.4. Error SAF_19: Non hai ningún certificado válido no seu almacén (Mozilla Firefox).....	18
4.5. Error SAF_03: Erro nos parámetros de entrada.....	18

1. INTRODUCCIÓN

AutoFirma é unha ferramenta de escritorio con interface gráfica que permite a execución de operacións de firma de ficheiros locais en contornas de escritorio (Windows, Linux e Mac OS X). Tamén pode utilizarse a través de consola ou ser invocada por outras aplicacións mediante protocolo para a execución de operacións de firma.

O cliente AutoFirma fai uso das claves privadas asociadas aos certificados do usuario e non permite que estes saian en ningún momento do almacén (tarxeta, dispositivo USB ou navegador) situado no seu PC.

AutoFirma non almacena ningún tipo de información persoal do usuario, nin fai uso de cookies nin ningún outro mecanismo para a xestión de datos de sesión. AutoFirma si almacena trazas da súa última execución a efectos de ofrecer soporte ao usuario se se atopase algún erro. Estas trazas de execución non conteñen ningún tipo de información persoal e a aplicación non facilita de ningún xeito o acceso a estes datos almacenados.

2. REQUISITOS MÍNIMOS

O uso de AutoFirma como ferramenta de firma integrada dentro do proceso de firma de trámites web no portal Eidolocal ten os seguintes requirimentos en canto a contorna operativa:

- Sistema Operativo
 - Microsoft Windows 7 o superior.
 - ✓ Soportado directamente en 7, 8, 8.1 y 10.
 - ✓ En 32 o 64 bits.
 - Linux Ubuntu.
 - ✓ Guadalinex, Ubuntu.
 - ✓ Linux 2.6 o superior, en 32 (x86) o 64 (x64/AMD64) bits
 - Apple OS 10.11 (El Capitán) o superior.
 - ✓ Soportado directamente en 10.11 y 10.11.1 (El Capitán).
 - ✓ MAC OS X versión 10.11.5 con Firefox 47.0 y Java versión 8 Actualización 91 (compilación 1.8.0_91-b14)
- Navegadores Web
 - Microsoft Windows
 - ✓ Google Chrome 46 o superior.
 - ✓ Mozilla Firefox 41.0.1 o superior.
 - ✓ Microsoft Edge v20 o superior.
 - Linux
 - ✓ Mozilla Firefox 41.0.1 o superior.
 - Apple OS X
 - ✓ Apple Safari 9.0 o superior.
 - ✓ Google Chrome 46 o superior.

3. INSTALACIÓN

O ficheiro de instalación de AutoFirma deberase descargar e instalar no pc onde se realizará a sinatura dixital. Nos servizos de Eidolocal nos que é necesario realizar sinatura dixital son: Envíos Xunta, Buzón de sinatura e prealta de usuario/a alcalde/sa ou secretario/a.

Nas páxinas dos servizos estará dispoñible a ligazón para a descarga dos instalables para o sistema operativo Windows.

3.1. Microsoft Windows


A instalación de AutoFirma en Windows require da execución por parte dun usuario con permisos de administrador.

AutoFirma é compatible con Windows 7 ou superior en 32 e 64 bits (x86 ou x64). Unha vez instalada, pode usarse desde practicamente calquera navegador Web que se especifican no apartado de requisitos mínimos de este documento.


A instalación é un sinxelo asistente cos seguintes pasos:




Neste punto o usuario debe aceptar o acordo de licenza da aplicación.




O usuario pode cambiar no seguinte paso o directorio de instalación por defecto. Para poder instalar correctamente o programa AutoFirma, **é necesario que peche todos os navegadores que teña abertos.**




Neste punto o usuario pode decidir se agregar a aplicación ao menú de inicio, crear un acceso directo ao seu escritorio e marcar a última opción para indicar ao navegador de Firefox que confíe nos certificados raíz do sistema.




No seguinte paso infórmase dos compoñentes que se van a instalar, non se toca nada e dáselle ao botón de **Instalar**.




Comezará a instalación e se se detecta unha versión antiga do AutoFirma o proceso informaranos de que se vai desinstalar a versión antiga para realizar a instalación da nova. Prememos no botón de **Si** para que a desinstalación da versión antiga se realice de forma automática.



O proceso de instalación extrae e copia os ficheiros necesarios.



Unha vez rematou o proceso de instalación veremos a palabra **Completado** ao final da ventá e poderemos premer no botón **Siguiente**.



Por último veremos esta última ventá do asistente da instalación indicándonos que o proceso de instalación foi correcto.




3.1.1. Comprobación do certificado raíz no Firefox


Para o navegador Firefox, e antes de comenzar a traballar có AutoFirma é necesario asegurarse que p certificado raíz de AutoFirma está correctamente instalado no almacén de certificados no navegador.

Para iso debe seguir os seguintes pasos:


- a) Accedemos ao menú do navegador e prememos en "Ajustes".



Imos a sección "Privacidad & Seguridad" no menú lateral da esquerda. Unha vez estamos en dita sección, baixamos para baixo a páxina ata chegar a sección de Certificados e prememos en "ver certificados"




Unha vez dentro, comprobamos que o certificado raíz de AutoFirma está instalado no navegador.




No caso de que non exista deberase instalar o certificado raíz importando o mesmo de maneira manual:


- Prememos no botón "importar"



Seleccionamos o cartafol onde está instalado o Autofirma no equipo e escollemos o certificado.




Ademáis, será necesario outorgar confianza da seguinte maneira:



3.1.2. Desinstalación Windows

A desinstalación do programa pode facerse, como é habitual en Windows, dende o apartado **"Programas e características"** do **"Panel de control"** do sistema operativo (sempre por parte de un usuario con permisos de administrador):


Ou ben dende o botón de "inicio", "Todos os programas" e premendo no arquivo desinstalable dentro do cartafol.



Unha vez executado, o desinstalador presenta un sinxelo asistente:



Para a correcta desinstalación do programa Autofirma **é preciso cerrar todos os navegadores abertos.**




O desinstalador mostra o proceso de desinstalación da aplicación.



Da mesma forma que ocorre dentro do proceso de instalación, debemos asegurarnos que o certificado raíz de AutoFirma elimínase de maneira correcta no navegador Firefox. Para iso accedemos aos certificados do navegador da forma explicada anteriormente e comprobamos a existencia do certificado raíz.

Se despois da desinstalación segue existindo, debemos eliminalo.



Cando o proceso termina, a aplicación foi correctamente desinstalada de Windows.

3.2. Linux

Distribúense dúas versións de AutoFirma para Linux:

AutoFirma_OpenJDKX.Y.Z.deb: Ten como dependencia OpenJDK.

AutoFirma_OracleX.Y.Z.deb: Ten como dependencia OracleJDK.

A instalación de AutoFirma en Linux require da execución por parte dun usuario con permisos de administrador.

AutoFirma é compatible con Ubuntu 32 e 64 bits (x86 ou x64). Unha vez instalada, só pode usarse co navegador web Mozilla Firefox.


Hai dúas opcións de instalación:

- **Por liña de comandos:** Mediante o comando:


```
sudo dpkg -i RUTA_INSTALABLE_AUTOFIRMA.
```

Onde RUTA_INSTALABLE_AUTOFIRMA é a ruta ó ficheiro de instalación,
AutoFirma_OpenJDK1.4.2.deb o *AutoFirma_Oracle1.4.2.deb* en función da distribución escollida.
- **Mediante o asistente de instalación** de paquetes de Ubuntu.


Débese facer dobre clic no ficheiro da distribución para instalar. Abrirase unha xanela similar á seguinte:



Débese pulsar o botón instalar, que se atopa arriba á dereita. Se non se teñen permisos de administración, o sistema solicitará a clave de superusuario para poder realizar a instalación.



Se non ocorre ningún problema, mostrarase unha mensaxe de confirmación.



3.2.1. Desinstalación Linux

Para realizar a desinstalación do sistema deberase escribir por consola en liña de comandos o seguinte comando:


```
Sudo apt-get remove --purge autofirma
```

Cando o proceso termina, a aplicación está correctamente desinstalada do sistema.

4. Problema coñecidos

4.1. Ao instalar AutoFirma móstrase o erro de que non se puido abrir un arquivo para escritura.

É posible que durante a instalación móstrese un erro como o que segue:



Se xa tiña instalado AutoFirma, comprobe que este non se está executando, nese caso o instalador non poderá sobrescribir os ficheiros de instalación. Peche AutoFirma e pulse o botón reintentar.

Se AutoFirma non se está executando, é posible que o arquivo en cuestión atópesse bloqueado por unha execución ou intento de instalación previo. Reinicie o seu equipo e probe a instalar novamente a aplicación.

4.2. Ao instalar AutoFirma falla a instalación dos certificados de confianza SSL.

AutoFirma require permisos de administrador para ser instalado e para inserir o certificado de confianza SSL para o funcionamento da firma nos trámites online. Se non pode instalar AutoFirma ou o certificado de confianza, solicite ao administrador do seu sistema que realice a instalación da aplicación.


4.3. Cando se instala Mozilla Firefox ou se crea un novo perfil de usuario sobre unha instalación despois da instalación de AutoFirma, este non funciona.

Durante a instalación de AutoFirma, este xera un certificado para a comunicación entre a páxina web e a aplicación e instálao nos almacéns de confianza do sistema e de Firefox. Se se crea un perfil de usuario

de Firefox ou se instala o propio Firefox despois da instalación de AutoFirma, este non contará co certificado entre os que considera de confianza. Para resolver este problema deberá desinstalar AutoFirma e volvelo a instalar. Teña en conta, con todo, que isto implicará que se perda a configuración personalizada establecida en AutoFirma.

4.4. Error SAF_19: Non hai ningún certificado válido no seu almacén (Mozilla Firefox).


Téntase asinar un documento e móstrase o seguinte erro:



Prodúcese cando no almacén de Mozilla (PKCS#12) non existe ningún certificado ou a instalación do Mozilla está corrupta, en tal caso haberá que reinstalar o Mozilla e posteriormente o Autofirma para que importe correctamente os certificados raíz de AutoFirma no devandito almacén.

4.5. Error SAF_03: Erro nos parámetros de entrada.

Ao tentar asinar un documento prodúcese un erro. (SAF_03: Error en los parámetros de entrada).



Neste caso, será necesario ir ao cartafol onde se atopa instalado "AutoFirma" e picar no executable de desinstalación. A continuación hai que instalar de novo a aplicación AUTOFIRMA.